

AURORA Vidal Martínez

PONTEVEDRA, 28/08/1910-10/05/2005

Unha placa lembra nos Soportais a localización da casa familiar de Aurora e Xoán Vidal Martínez. Trátase dun dos espazos da cidade habitados pola escritora mais son moitos máis os lugares da cidade que, dalgunha maneira, gardan tamén a súa memoria. A Imprenta Peón de onde saíron os dous libros iniciais da súa traxectoria literaria, a rúa Riestra na que naceu, a Escola de Maxisterio na que estuda, o Teatro Malvar no que se estrea a súa primeira obra Camino de Belén, a casa familiar de Salcedo que tanto quería ou o local da praza de Curros Enríquez no que se instala o comercio téxtil que rexentou durante un tempo son algunhas das localizacións que contribúen a reconstruír a través dos espazos do mapa urbano a biografía da escritora Aurora Vidal Martínez.

A cidade, Pontevedra, está presente na vida de Aurora Vidal desde o seu nacemento o 28 de agosto do ano 1910 até a súa morte o 10 de maio de 2005. Na Escola Normal a escritora estuda Maxisterio a inicios dos anos trinta e exerce como mestra en centros tanto de fóra como da Galiza. A primeira escola sería en Castellón, destino ao que se dirixe canda a súa irmá tamén mestra e contra a vontade da nai que decide abrir dous comercios do sector téxtil en Pontevedra para que as fillas regresen ao fogar familiar.

A *Casa Vidal*, un dos establecementos, continúa desde aquela nos Soportais, no edificio no que se atopa a placa que lembra os irmáns Aurora e Xoán. *Casa Vidal*



garda aínda a memoria do seu pasado, cando os andeis e escaparates mostraban mantillas, mantóns de manila ou mantelarías bordadas chegadas maiormente de Barcelona. Sería este o comercio da irmá de Aurora, a poucos metros do que a nai abriría para a escritora, en plena praza de Curros Enríquez, no que os traxes de noiva, de primeira comunión, a lencería ou o punto eran os principais reclamos. O domicilio próximo da escritora Herminia Fariña, grande amiga de Aurora, convidaba a que o comercio se convertese en escenario de animados encontros das dúas literatas.

A apertura dos comercios respondía á condición emprendedora e mesmo vanguardista da nai, M^a Carmen Martínez, que inaugurara a súa actividade coa *Casa Vidal* no número 26 da rúa Real, establecemento dedicado ao téxtil no que se reunía o Partido Galeguista. A comezos de século, a nai de Aurora viaxaba xa a Barcelona na busca de mercadoría que non chegaba a Pontevedra. Na cidade estimábase o xénero dos seus comercios, que un viaxante visitaba periodicamente para prover das novidades do sector catalán.

Por vía paterna, a familia procede da parroquia de Salcedo, casa familiar coa que os irmáns Vidal Martínez, de maneira especial Aurora e Xoán, gardaban unha intensa relación afectiva. O pai, Xoán Vidal Lino, era músico na banda de Pontevedra e tocaba o cornetín diante do quiosco da Alameda congregando un público que acudía puntualmente á cita cada domingo para escoitar o “só de Vidal”. Que tanto Aurora como Xoán decidiran casar en Salcedo é sinal do forte vencello co lugar de procedencia da ascendencia paterna e daquela casa na que, posibelmente, atoparían o seu primeiro encontro coa literatura a través da tía Carme, unha muller que non deixou obra escrita mais que transmitiu ás seguintes xeracións a memoria como a primeira das poetas da familia, dona dunha biblioteca tan ampla que en carros se tivo que trasladar á súa morte aos locais da Igrexa á que foi dar todo o seu patrimonio.

O compromiso de seu irmán Xoán co Partido Galeguista polo que se ten que afastar da cidade, o asasinato de Alexandre Bóveda e do propio médico da familia tras o golpe militar de 1936 son algúns dos episodios que deixan pegada en Aurora Vidal que, a partir de entón, deixa de ir á misa pola connivencia da igrexa co réxime, segundo relata a súa sobriña Clementina Vidal.

De volta ao maxisterio, Aurora Vidal impartiría aulas en distintos destinos, en dúas ocasións nas Canarias, onde coñece o mestre e pintor Marcial Pantín Folgar-orixinario de Xubia- co que casaría en 1953. O clima das illas favorecía a práctica da natación que tanto gustaba á escritora, os seus encontros co mar e a piscina que se prolongaban máis alá do que permitía o inverno galego. Mais da súa profesión de mestra xubilaríase na mesma Pontevedra, no centro de Campolongo



que dirixía o seu home e no que deixou, entre outras, pegada do seu amor polo teatro.

As primeiras composicións literarias de Aurora Vidal aparecen en publicacións como *Vida Gallega* e *Sonata Gallega*. Sería en 1946 cando da Imprenta Celestino Peón de Pontevedra saía do prelo o seu primeiro libro, *Camino de Belén*, obra de teatro en nove cadros e tres actos ilustrada por Manuel Torres que se estrearía no desaparecido Teatro Malvar da cidade en 1949. A obra pon á vista a intensa relación co mundo do teatro no que, alén de autora, desenvolveu labores de escenógrafa e coreógrafa ademais de promover o Teatro Experimental da Arte do que tamén foi directora.

Sonetos Líricos, obra publicada ao igual que a inaugural obra teatral co selo da imprenta Peón en 1948, sería o seu primeiro libro como poeta antes de iniciar a súa obra en prosa con *Cartas de Amor* (1950) -confesionais escritos por un amor non correspondido de mocidade- e *Mensaxe de Outono* (1951), publicados xa en Santa Cruz de Tenerife. Con *Poemas de nenos e paxariños* (imprenta L. Torre, Pontedeume) inaugura en 1958 a súa obra en galego. O volume de relatos en verso *Contos de rapaces* (1991) e a obra de teatro *Xa naceu Xesús* (1993), estreada en 1987 no Teatro Principal de Pontevedra, sumaríanse á súa obra publicada.

Aurora Vidal tomaba parte da vida cultural da cidade e mantiña relación de amizade con escritores como Emilio Álvarez Negreira, Sabino Torres, Manuel Cuña Novás ou Álvaro Cunqueiro. Proposta por Leandro Carré Alvarellós, Antonio Couceiro Feijomil e Francisco Vales foi nomeada en 1952 membro correspondente da Real Academia Galega.

Até os noventa anos continuaba a escribir na súa casa de Pontevedra mais, nos tempos finais, desconfiaba da calidade da súa derradeira obra. Unha nota encargando aos sobriños a destrución dos seus últimos escritos confirma a vontade da escritora de eliminar a etapa final da súa obra literaria que non deixou de medrar ao longo de toda a súa vida, coa paixón que sentía pola creación. Alén da obra publicada, de Aurora Vidal quedan aínda textos inéditos no domicilio familiar, entre eles, algunha obra que foi representada nos escenarios de Pontevedra como *El divino caminante* e *Os contos do avó* e unha novela rematada.

A placa na casa dos Soportais foi instalada en 2010, ano no que se conmemorou o centenario do nacemento de Aurora Vidal e no que en Pontevedra se volveu representar a súa primeira obra, *Camino de Belén*. Dúas das súas sobriñas, Clementina e Aurora, fillas de Xoán Vidal, continúan a dar nomes de muller á historia literaria de Pontevedra.